



FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/24-1
Entidade	CONFRARÍA DE MIÑO	
Plan explotación⁽¹⁾	MOLUSCOS BIVALVOS E GASTERÓPODOS	
Réxime⁽²⁾	AUTORIZACIÓN	
Modalidade⁽³⁾	A PÉ E EMBARCACIÓN	

Especies	Ameixa fina (<i>Ruditapes decussatus</i>), ameixa babosa (<i>Venerupis pullastra</i>), berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>), ostra plana (<i>Ostrea edulis</i>), ameixa xaponesa (<i>Ruditapes philippinarum</i>), coquina (<i>Donax trunculus</i>), longueirón vello (<i>Solen marginatus</i>), longueirón (<i>Ensis siliqua</i>), navalla (<i>Ensis arcuatus</i>) e caramuxo (<i>Littorina littorea</i>).
Ambito do plan	Autorizacións administrativas: entre final praia grande de Miño e Punta Allo e entre canle de Hervás e punta Curbeiros
Subzonas de explotación	Marisqueo a pé: Castelo Souto-Láncara: Souto (CF-086) e Cuco (CF-087), Castelo-Pedrido (CF-088), Lombo Espiñeira, (CF-089) Porto-Praia Pequena (CF-090) Marisqueo dende embarcación: canle do Pedrido (CF-092)

Participantes no plan de explotación

Número de permex/persoas autorizadas

Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
27	8	-
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación

Días máximos de extracción	110											
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾: a pé												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾: dende embarcación												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Nota: O máis probable é que a extracción se efectúe só en outubro, novembro e decembro.

Topes de captura

Especies	A pé (mariscadora/día)	Embarcación/día	Tripulante/habilitación
Ameixa fina	5 kg	10 kg	-
Ameixa babosa	5 kg	15 kg	-
Ameixa xaponesa	5 kg	15 kg	-
Berberecho	30 kg	30 kg	-
Ostra plana	100 ud	100 ud	-
Caramuxo	10 kg	-	-
Coquina	3 kg	-	-



Topes de captura			
Especies	A pé (mariscadora/día)	Embarcación/día	Tripulante/habilitación
Longueirón vello	10 kg	-	-
Longueirón	10 kg	-	-
Navalla	10 kg	-	-

Artes a empregar	A pé: sachos. Sal para os solénidos. Dende embarcación: raño
-------------------------	---

Puntos de control	Punto de venda de O Pedrido. Porto de Miño (Porto-Praia Pequena de Miño).
Puntos de venda	Punto de venda de O Pedrido.

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Souto, Cuco, Castelo, Espiñeira, Porto-Praia Pequena, canle do río Mandeo												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Castelo (se mantén a clasificación como zona C), Pta. Ajo, Pta. Bañobre e Ponte do Porco (libre marisqueo), peirao de Miño-Pta dos Curbeiros de Miño. Especies: Ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa e berberecho.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Espiñeira, Porto-Praia pequena de Miño, Canle do río Mandeo. Especies: Ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: dende as zonas de extracción de semente para resembrar cara Espiñeira, Porto-Praia pequena de Miño, canle do río Mandeo. Especies: Ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas: Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: en tódolos bancos marisqueiros: limpezas de algas, depredadores e materiais prexudiciais remoción e aireación do substrato, tanto a pé como con tractor. Limpeza con endeño remolcado na canle do río Mandeo.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Os meses marcados en negra son os máis probables												

Outras consideracións ⁽⁹⁾
Ámbito do plan: Non se aproba a inclusión neste plan do parque de Policarpo Manso Varela, xa que a xestión desta zona está baixo a figura de concesión aínda vixente. No caso de que se producira a caducidade do título, podería ser incluído nun plan específico para as zonas de libre marisqueo, pero non dentro das autorizacións da entidade.



Así mesmo, non se aproba a inclusión do antigo parque de María Monteiro Sabín, xa que aínda que esta concesión foi caducada por Resolución de 28 de outubro de 2009, debe revertir a dominio público. No mesmo que no caso anterior, cando isto se produza pode ser incluído nun plan específico para as zonas de libre marisqueo.

Zona de produción: Os bancos de Castelo Souto-Láncara (Souto e Cuco), Castelo-Pedrido e a canle do río Mandeo augas arriba da ponte do Pedrido, están dentro das zonas de produción GAL-04/09 e GAL-04/08, clasificadas zonas de clase C para a produción de moluscos bivalvos na Orde do 19 de xullo de 2010 pola que se modifica a Orde de 8 de setembro de 2006, pola que se declaran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

O resto dos bancos incluídos neste Plan atópanse dentro da zona de produción GAL-04/07, clasificada zona de clase B para a produción de moluscos bivalvos.

Participantes: A embarcación está retirada da actividade pesqueira no Censo da Flota Pesqueira Operativa, polo que o número de embarcacións participantes neste Plan é de 8.

Cotas máximas de captura: Considérase necesaria unha redución da cota máxima proposta no plan para a ameixa babosa extraída dende embarcación -dado que se aparta moito do rexistro de capturas dos últimos anos- a un máximo de 15 kg por embarcación e día.

Respecto da coquina (*Donax trunculus*), especie non avaliada na zona, pero de cuxa existencia aparecen indicios puntuais de tempo en tempo, dado que o plan non propón ningunha cota de captura, establécese ésta en 3 kg/mariscador/día.

Punto de control: Establécense dous puntos de control, dependendo da zona de traballo, nos que se fai o control de tallas e cupos. As persoas responsables son o lonxeiro, o vixilante da confraría e membros do cabido (patroa maior e vicepatrón). O punto de control é paso obrigado para todos os participantes do plan.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

Artes: A gancha a pé non é unha arte autorizada no Decreto 424/1993, polo que para o seu uso requírese da aprobación dun plan experimental.

Horario: Non se acepta que o horario de marisqueo a pé e dende embarcación sexa coincidente (dúas horas antes e ata dúas horas despois da baixamar diúrna, sen exceder das 17.00 horas), xa que contravén o disposto no Decreto 424/1993. O horario para o marisqueo dende embarcación é de 8 a 14 horas.

Traballos de semicultivo e vixilancia: A participación nos traballos de acondicionamento e rexeneración previstos, así como nas vixilancias, será obrigatoria para tódolos mariscadores incluídos no plan, e computarán como días de actividade a efectos de renovación do permex. As persoas encargadas da organización das accións previstas, así como da constitución dos grupos de traballo e do control de asistencia, serán a patroa maior da confraría e a asistencia técnica.



CONSELLERÍA DO MAR
XUNTA DE GALICIA
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia